

ESTUDO DA OCUPACIÓN NO MERCADO DE TRABALLO EN GALICIA. INFLUENCIA DO XÉNERO¹

MARÍA CARMEN SÁNCHEZ SELLERO
Universidade da Coruña

RECIBIDO: 5 de xaneiro de 2012 / ACEPTADO: 7 de maio de 2012

Resumo: Neste traballo estúdanse as características persoais que determinan a inserción e a participación no mercado de traballo en Galicia. Para iso constrúese o chamado modelo de ocupación, no que se estima a probabilidade de que unha persoa en idade de traballar forme parte da poboación activa como ocupado ou como parado. Unha vez estimados os parámetros do modelo mediante regresión loxística binaria, calcúlanse as probabilidades de estar ocupado ou de estar parado condicionadas a distintas características persoais, para avaliar a súa influencia real na distinta forma en que un individuo intervéñe no mercado de traballo. Da análise empírica obtense que a característica máis destacada é o sexo, e que a influencia das demais variables sobre as distintas probabilidades varía en función do sexo da persoa analizada.

Palabras clave: Mercado laboral / Logit / Ocupación / Xénero.

Study of Occupation in Labour Market in Galicia. Gender Influence

Abstract: Personal features that have an effect on the role played in the labour market in Galicia are studied. To this end an occupation model is constructed, which is designed to estimate the probability that a person of working age takes part in the working population, being employed or unemployed. Once the model parameters are estimated by binary logistic regression, the probability of being employed (or unemployed) conditioned to different personal features is calculated, so as to evaluate the real effect of these features on the role played in the labour market. From the empirical analysis the gender is obtained as the most influential personal feature. Moreover, the effect of other covariates is also dependent on the gender.

Keywords: Labour market / Logit / Occupation / Gender.

1. INTRODUCCIÓN

O mercado de traballo hoxe en día está en boca de expertos, de analistas e de estudosos dos distintos medios políticos, sociais, económicos e de comunicación. Na actualidade atopámonos en plena fase de reforma do mercado de traballo, que supuxo tanta expectación ante situacións tan delicadas e que xeran na opinión pública preocupación e sensibilidade polas dúbidas de se España sairá –e cando– da crise na que se ve inmersa.

O noso estudo do mercado de traballo non vai trasladarse no tempo. Aínda que esta análise estatística e económica é estática, non quixemos pasar por alto a rea-

¹ Este traballo foi aprobado e expúxose nas *XXII Jornadas Luso-Españolas de Gestión Científica*, que tiveron lugar en Vila Real (Portugal) entre os días 1 e 3 de febreiro de 2012.

lidade tan difícil que nos ocupa e que tantas opinións –opostas ás veces– está suscitando². Na análise empírica utilizaremos datos da Comunidade Autónoma galega, polo que todos os nosos resultados e conclusións se van referir a esta Comunidade, aínda que en moitas ocasións poderían extrapolarse a un ámbito maior. Cremos que as conclusións poden ser igualmente válidas no ámbito nacional, e sempre que a situación económica sexa estable. Interézanos coñecer cales son os factores polos que unha persoa que se incorporou ao mercado de traballo como persoa activa o faga ben como traballador ocupado ou ben como parado.

Unha das principais ideas que fundamentan este estudo é o argumento central segundo o cal o xénero ten unha influencia primordial nas análises do mercado de traballo. Pensamos que o xénero segue marcando diferenzas nas probabilidades de actividade, de ocupación, de traballar por conta allea, etc.

O traballo estrutúrase da seguinte maneira. Logo desta introdución, na sección 2 realízase unha revisión teórica das contribucións de distintos autores que analizan a influencia do xénero no mercado laboral –e concretamente na ocupación–, mentres que na sección 3 se describe o mercado laboral galego. Na sección 4 comezamos a análise empírica falando dos datos e definindo as variables que incorporamos no chamado modelo de ocupación. Na sección 5 explicamos o modelo, no que utilizaremos a técnica de regresión loxística binaria, e expoñemos os principais resultados obtidos no cálculo das distintas probabilidades de ocupación, acompañándoos dalgúns representacións gráficas que avalan esas conclusións. E finalmente, na sección 6 presentamos as conclusións.

2. REVISIÓN DA LITERATURA

Segundo Sánchez Moreno e Delicado Losa (2007), mentres que o sexo fai referencia a desigualdades que teñen relación coa condición biolóxica, o concepto de xénero utilízase para indicar as desigualdades tanto de carácter cultural como social asociadas a esa condición biolóxica. O mercado de traballo constitúe o ámbito económico e social das desigualdades de xénero. Neste sentido, son moitos os estudos que se basearon nas desigualdades laborais que teñen relación co xénero. É un dos ámbitos de investigación máis prolíficos nas últimas décadas, existindo en xeral un acordo sobre a necesidade de coñecer e explicar as desigualdades existentes entre homes e mulleres.

Existe toda unha corrente literaria desde distintas disciplinas que establece o debate sobre o uso dos termos *sexo* e *xénero*. Lamas (2000) sinala a categoría de xénero como unha construción cultural da diferenciación sexual. Neste traballo utilizaremos o termo *xénero* nesta parte teórica, xa que se engloban aspectos so-

² Este estudo extráese dos modelos do mercado de traballo recollidos en Sánchez Sello (2010), e aquí aproveito para agradecerlle ao profesor José Ramón Cancelo de la Torre o seu labor de dirección nesa investigación.

cioculturais á marxe da condición biolóxica, e falaremos de *sexo* na parte correspondente á análise empírica.

Para estudar a *segregación ocupacional* que sofre a muller, a teoría do capital humano (Becker, 1962, 1971, 1985) explica desde o punto de vista teórico o comportamento económico das persoas, así como o papel que desenvolve a formación neste. Segundo Gradín, Arévalo e Otero (2003), a segregación constitúe un problema cando a muller se especializa nun conxunto de ocupacións limitado e non o fai como froito dunha elección libre, senón que se debe a condicionantes externos. Estes condicionantes poden ter a súa orixe no sistema educativo, no proceso de socialización na familia ou no propio mercado de traballo, se os que empregan prefiren homes ou mulleres para determinadas actividades. Os empregadores poden contratar mulleres para desenvolver funcións menos técnicas que requiran, entre outras, habilidades manuais, tarefas parecidas ás domésticas, con menor esforzo físico, ou actividades administrativas.

As teorías feministas destacan a importancia dos estereotipos sociais da muller sobre os postos de traballo que ocupan no mercado de traballo. Para Del Río Otero (2003), o mercado de traballo en Galicia, desde unha perspectiva de xénero, reflicte grandes diferenzas na colocación, na presenza e na retribución de homes e mulleres. Xunto a baixas taxas de actividade feminina hai altos niveis de paro nun proceso que, posiblemente, estea expulsando do mercado de traballo a moitas mulleres ante as escasas expectativas de atopar emprego. Ademais, a segregación ocupacional alcanza cifras importantes, resultando o principal motivo da desigualdade salarial entre homes e mulleres.

Goldin (1986) e Bulow e Summers (1986), entre outros, analizaron a teoría do mercado de traballo dual. Segundo Larrañaga (2000), a hipótese básica desta teoría é que o mercado de traballo se divide en dous segmentos distintos: o sector primario ou central e o secundario ou periférico. Mentres que o primeiro ofrece postos de traballo con salarios elevados, posibilidades de mellora, boas condicións de traballo e estabilidade no emprego, o segundo ofrece postos que adoitan estar peor pagados, condicións inferiores, inestabilidade e rotación entre os traballadores. Algúns grupos sociais, como as mulleres, poden estar integrando o mercado secundario. Moitos estudos a este respecto sinalan a persistencia dunha forte segregación que aglutina os empregos femininos en determinadas profesións e ramas de actividade –moitas veces mal remunerados– e nas categorías inferiores da escala profesional. Para Murgatroyd (1982) existen tarefas femininas e outras non susceptibles de realizalas os homes.

Se nos fixamos na profesión de homes e mulleres, os postos de directivos son ocupados por homes universitarios en maior medida que as mulleres con esa mesma titulación. O curioso é que entre a poboación sen esa cualificación, as profesións nas que hai moitos homes as mulleres non teñen apenas presenza, e viceversa. A pesar dos avances, existen tarefas que son máis propias de mulleres, fronte a outras que tradicionalmente corresponden ao xénero masculino. A maiores, un tema que suscita controversia baséase na idea de que a muller non só ten que

demostrar a súa valía, senón que en igualdade de condicións debe facelo mellor que o seu compañeiro home, e ás veces cunha retribución salarial menor (Martin e Roberts, 1984; Hartmann, 1994).

Cáceres *et al.* (2004) consideran que a concentración de homes e mulleres en distintas ocupacións e sectores constitúe un feito fundamental da distribución do emprego. Estudan a segregación de xénero por ocupacións en España a partir da *Encuesta de Población Activa* (EPA) utilizando, entre outros, o índice de disimilitude (ID) de Duncan e Duncan. Para as ocupacións, no período 1994-2001 aumentou o ID –que pasa dun 0,499 a un 0,5204–, o que implica que neses anos se produciu un aumento da segregación ocupacional de xénero no mercado laboral español. Tamén se sinala que no ano 2001 o ID se reduce notablemente a medida que aumenta o nivel educativo dos traballadores.

Polo que respecta ao papel que desenvolve a *educación* na inserción laboral, pode afirmarse que as xeracións novas adquiren un nivel de formación maior. Aínda que hai anos había máis homes titulados que mulleres, estas diferenzas actualmente desaparecen e, mesmo, atopamos unha porcentaxe superior de mulleres en moitas titulacións. Porén, as posibilidades de acceso ao mercado de traballo, así como o posto de traballo que ocupan, é distinto, sendo estas disparidades máis evidentes entre as mulleres sen titulación.

Se o total da poboación ocupada ten 9,86 anos medios de estudos, a media é de 10,52 anos nas mulleres e de 9,49 anos nos homes. As mulleres ocupadas, polo tanto, teñen un 10% máis que os homes en anos de educación (IVIE e Bancaja, 2008a). En Oguiza, Gallastegui e Núñez (2004) analízase desde un punto de vista descritivo as mulleres ocupadas segundo o nivel de formación. Podemos afirmar que o acceso a niveis educativos superiores é unha forma de aumentar a participación no emprego; ademais, cando aumenta o nivel educativo en ambos os dous xéneros, o comportamento no mercado de traballo de homes e mulleres é máis parecido. Na actualidade, o nivel educativo da poboación activa feminina nos tramos correspondentes ás máis novas é maior que o dos homes, pero este feito non foi acompañado de cambios similares no mercado de traballo.

En relación coa *retribución salarial*, cómpre sinalar que polo xeral canto máis avanzada é a idade dunha muller, menor será o seu salario se o comparamos co dun home que se atope en idénticas circunstancias laborais. Segundo o Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas e Bancaja (2008b), o soldo dunha muller maior de 54 anos é un 38% menor que o dun home da mesma idade. O patrón de participación na actividade nas xeracións novas é moito máis parecido para homes e mulleres que no caso das xeracións de máis idade, onde se observan comportamentos máis desiguais non só no emprego senón tamén nos salarios.

Polo que respecta á *diferenciación por razón de xénero*, aínda que na actualidade se avanzou moito para conseguir maiores cotas de igualdade en todos os ámbitos, e concretamente no mundo do traballo, aínda non se pode falar de igualdade

plena en cuestión de emprego entre homes e mulleres. Ademais, aínda existen diferenzas en salarios –inferiores en moitos casos nas mulleres–, en número de postos directivos ocupados por mulleres, en condicións laborais inferiores, etc. Segundo Barreiro García e Martínez Seijas (2006), discriminar a muller no mercado de traballo implica discriminar a máis da metade da poboación e, polo tanto, unha dilapidación de capital humano.

A *discriminación laboral* é un factor subxectivo que pode condicionar a decisión de participar no mercado de traballo. Sáez Lara (1994) parte da premisa de que a discriminación por razón de xénero no traballo se materializa basicamente en formas de segregación laboral tanto horizontal (empregos propios de mulleres) como vertical (menor número en postos de mando ou de responsabilidade), o que implica diferente remuneración entre homes e mulleres.

Á marxe do papel diferenciado da muller no mercado de traballo, existiu unha preocupación crecente da lexislación en combater a discriminación por razón do xénero e o trato desigual dos cidadáns. Hai dous datos significativos no proceso da inserción feminina no mercado de traballo: a evolución no emprego feminino e os cambios na *participación activa das mulleres no mercado laboral*. Partimos do suposto de que a decisión de participar no mercado de traballo vai depender, entre outras causas, do estado civil, da idade e do nivel de estudos. Tendo presente todas estas consideracións, a muller coñece o abano de empregos aos que pode ter acceso.

Nas distintas análises da transición da escola ao mercado laboral, as mulleres saen ao mesmo ritmo que os homes e acceden ao mercado de traballo na mesma medida, aínda que con menor éxito que eles xa que hai unha menor porcentaxe de mulleres que de homes que realizan o paso á ocupación, e unha maior porcentaxe delas que o fan ao desemprego. Os homes teñen unha maior probabilidade de estar ocupados unha vez que abandonan o sistema educativo, e menor de realizar a transición ao desemprego se se compara coas mulleres (Albert *et al.*, 2003).

O incremento da poboación activa nos últimos anos débese fundamentalmente á incorporación da muller á actividade. En España, a evolución da taxa de actividade por xénero mostra que as diferenzas entre as taxas en mulleres e homes se reduciron significativamente. Na ocupación, pola contra, esta redución é menos notable, porque o desemprego afecta en maior medida ás mulleres activas, con independencia da súa formación. As taxas de paro son maiores para as mulleres en todos os niveis educativos (Frutos Balibrea e Titos Gil, 2001).

Os *factores que inflúen no traballo das mulleres* poden ser tanto externos como internos. Son factores externos os fortes condicionamentos de tipo familiar que teñen as mulleres na súa participación laboral. As mulleres seguen realizando unha dobre xornada –traballo dentro e fóra de casa–, que se traduce en desvantaxes para a súa integración plena no mercado de traballo. As dificultades para facer compatible o traballo na casa co traballo remunerado poden levar a un abandono transitorio do traballo en períodos de inactividade forzosa. Este ciclo laboral des-

continuo das mulleres, que obstaculiza as posibilidades de desenvolvemento profesional, tende a ser menor nas xeracións máis novas. Este feito hai que acompañalo dunhas cifras de natalidade baixas. Os factores internos, pola súa parte, localízanse basicamente no ámbito cultural.

Ante a dispar situación das mulleres no mercado laboral, a *opción de traballar por conta propia* pode resultar interesante, xa que se trata dunha modalidade de traballo que pode xerar emprego. Esta modalidade do traballo autónomo, ademais de favorecer a creación de emprego tamén pode contribuír ao desenvolvemento económico. Nas *Jornadas de Emprendizaje* da Fundación Mujeres y Tecnología (2007) analizouse o autoemprego como alternativa de inserción laboral.

Se ata hai pouco as empresas de mulleres quedaban relegadas no mundo empresarial, hoxe en día a alta cualificación da poboación activa feminina fai esperar unha actividade empresarial dirixida por mulleres, con maiores metas e orientada a actividades destacadas na contorna produtiva. Neste sentido, Guzmán Cuevas e Rodríguez Gutiérrez (2008) consideran que as mulleres adoptan un comportamento diferente ao dos homes no desempeño dos seus labores empresariais. Rosener (1990) refírese ao comportamento diferente das mulleres no desempeño das súas funcións na xerencia empresarial. Nas investigacións de Gatewood, Shaver e Gartner (1995) e de Buttner e Moore (1997) conclúese que as mulleres basean o seu éxito empresarial non só en criterios económicos, senón que está máis relacionado coas motivacións que as levaron a crear unha empresa, como a autorrealización e o propio desenvolvemento profesional.

No estudo de Riobóo e Martín (2011) mídese o nivel de igualdade ou de desigualdade que existe no mercado laboral en Galicia e en España mediante a obtención dun índice sintético –o Gender Inequality in Labour Market (GILM)–, que permite cuantificar as diferenzas entre xéneros; nesa construción, as variables desagreganse en función do xénero.

Con respecto á *achega deste traballo*, tamén as variables se desagregan por xénero, pero con outra finalidade. A diferenza que este traballo de investigación supón, fronte á literatura publicada ata o momento, é que nos interesa coñecer as probabilidades de que unha persoa estea ocupada ou parada baixo determinadas premisas. A variable explicada é dicotómica, e o xénero forma parte da definición das variables explicativas. A forma de construír unha desas variables –a chamada *ingresos do fogar corrixidos*– é anovadora e, polo tanto, orixinal.

3. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS DO MERCADO LABORAL EN GALICIA NOS ANOS ANTERIORES Á CRISE DE 2008

Para Méndez López (2000) os niveis de desemprego dependen directamente de tres factores: da oferta de traballo –número de persoas que están dispostas a traballar–, da demanda de traballo –total de activos que as empresas están dispo-

tas a contratar- e da estrutura institucional na que se desenvolven as relacións laborais.

Unha das características do mercado de traballo galego é a falta de incorporación da poboación en idade de traballar ás actividades produtivas. Nas últimas décadas, o tenue crecemento da poboación en idade de traballar non se traduciu nun crecemento da oferta de emprego, como ocorreu en España. En Galicia houbo unha caída dos niveis de actividade debido ás saídas do mercado de traballo polo aumento das xubilacións e pola perda de emprego agrícola e pesqueiro, difícil de experimentar nun proceso de mobilidade funcional. Os estratos da poboación de menor idade non supliron este proceso.

A redución da oferta de traballo estivo acompañada por unha caída aínda maior da demanda de emprego. Un dos principais problemas da economía galega é a dificultade para absorber os traballadores expulsados do sector primario. Así, no ano 1977 o 47% dos ocupados en Galicia pertencían ao sector primario, fronte ao 18,2% no resto das comunidades autónomas españolas. No ano 2000, a participación en actividades do sector primario situábase no 18,7%. Paralelamente, cómpre valorar de xeito moi positivo o proceso de industrialización experimentado e que rompe co patrón medio nacional.

A pesar da existencia dun marco regulatorio común no conxunto de España, en Galicia defínese unha contorna laboral máis flexible, que pode deberse á menor participación das prestacións sociais e ao menor nivel de cobertura dalgúns convenios colectivos.

Polo que respecta á distribución dos niveis de desemprego, a súa caracterización está próxima á da media nacional. Os maiores problemas de acceso a un posto de traballo prodúcense no grupo de poboación activa das mulleres de menor idade, que duplican a taxa de paro dos homes en todos os estratos de poboación, agás no de máis de 55 anos onde, en contra do patrón nacional, se sitúa por baixo da taxa de paro masculina.

Ares e Rey (2008) consideran que, ao igual que outras moitas economías, pero de maneira máis acusada, Galicia se caracteriza por ter unha poboación avellentada e, podería dicirse, practicamente estancada. Este feito non favorece a construción dun mercado de traballo dinámico e, polo tanto, o sostén dunha economía creadora de emprego e riqueza. A taxa de actividade de Galicia decreceu nos anos anteriores á crise do ano 2008 debido, por unha parte, á aínda escasa incorporación da muller ao mercado de traballo e, por outra parte, aos avances no proceso de escolarización dos novos, pero en calquera caso comportouse peor que no total da economía española.

En relación coa ocupación, non foi mellor, posto que aumentou en menor medida que o conxunto de España debido, por un lado, á notable saída de traballadores do sector primario e, por outro lado, ás dificultades que teñen outros sectores produtivos para absorbelos, aínda que poida sorprender que o emprego industrial sexa actualmente maior en termos relativos en Galicia que en España.

Cómpre destacar o enorme avance na formación dos traballadores galegos, xa que creceu o número de traballadores con estudos universitarios, sobre todo mulleres, cifra esta moi superior á media española. Un trazo importante en Galicia nos últimos anos é un aumento considerable no nivel de estudos da poboación ocupada. En consonancia co aumento de formación, a produtividade dos traballadores galegos aumentou por riba da media española debido máis ao comportamento do emprego que aos incrementos de produción. Aínda que a evolución do desemprego foi positiva, déixanos un saldo que non convence. Unha parte considerable dese descenso débese aos novos, aínda que está máis motivado polos avances na educación que polo aumento da ocupación.

A comparación da evolución do mercado laboral de Galicia co de España permite apreciar a incidencia dos factores demográficos sobre a ocupación de Galicia: menor presión demográfica en Galicia que en España, debido ao maior avellentamento rexional; menor presión da poboación activa sobre o mercado laboral; menor capacidade para aumentar o número de ocupados que a de España; maior capacidade de xeración de emprego industrial que no conxunto de España; menor capacidade de creación de emprego nos servizos; e elevada incidencia agrícola sobre a ocupación e o desemprego.

Polo que respecta á segregación por xénero, os datos do *Programa Operativo FSE de Galicia 2007-2013* sinalan que en Galicia a taxa de emprego feminina no grupo de idade de entre 16 e 64 anos (o 54,88%) e a taxa de actividade feminina para ese mesmo tramo (o 62,03%) rexistran no ano 2006 uns valores próximos aos de España.

Acabamos esta sección coas cifras correspondentes ás taxas de ocupación e paro en Galicia por xénero nos anos anteriores á crise actual (táboa 1), que son o reflexo da realidade do mercado laboral galego nos termos do modelo empírico posterior (análise da ocupación en Galicia por xénero).

Táboa 1.- Taxa de ocupación e paro en Galicia por xénero, 1996-2007

Anos	Total		Homes		Mulleres	
	Ocupación	Paro	Ocupación	Paro	Ocupación	Paro
1996	41,2	18,6	53,0	14,9	30,4	24,0
1997	40,6	18,4	52,6	14,2	29,8	24,3
1998	41,3	17,3	53,4	12,9	30,2	23,6
1999	42,2	16,2	54,2	11,3	31,2	22,9
2000	43,6	14,9	55,4	10,3	32,9	21,0
2001	44,2	11,0	55,7	7,8	33,8	15,5
2002	44,3	12,2	56,0	8,2	33,7	17,5
2003	45,5	12,7	57,0	8,4	35,1	18,4
2004	46,0	13,6	56,9	9,2	36,0	19,3
2005	47,8	9,9	58,1	7,2	38,3	13,5
2006	49,1	8,5	58,4	6,1	40,5	11,4
2007	50,1	7,6	59,7	5,7	41,4	10,0
Δ 1996-2007	8,9	-11,0	6,7	-9,2	11,0	-14,0

FONTE: EPA (IGE, INE).

4. ANÁLISE EMPÍRICA. DEFINICIÓN DAS VARIABLES

A análise empírica baséase no estudo das probabilidades de estar ocupado. Introduciremos variables cualitativas e cuantitativas. Entre as variables cualitativas a máis destacada é, por suposto, o sexo, aínda que tamén incorporaremos o nivel de estudos, a idade ou o municipio, entre outras. Unha característica importante é que todas as variables, tanto categóricas como cuantitativas, imos xeralas na súa interacción co sexo. A interacción da variable sexo coas demais variables explicativas é esencial para comprender o papel dos distintos factores que inflúen nas decisións dos individuos.

Ao modelo chamáremoslle *modelo de ocupación*. Aplicaremos a regresión loxística binaria (Agresti, 1996; Amemiya, 1981; Cox e Snell, 1989; Hosmer e Lemeshow, 1989) tanto para o estudo estatístico dos distintos resultados como para representar dun modo gráfico as distintas probabilidades baixo determinadas condicións.

Ao entrar no estudo do modelo interézanos coñecer as razóns, traducidas en termos de variables, que conducen a unha persoa a estar ocupada ou parada.

4.1. DATOS

Na nosa investigación imos utilizar microdatos extraídos da *Enquisa de condicións de vida das familias* (ECV), que foron facilitados IGE, e que corresponden ao ano 2003. A metodoloxía utilizada para a elaboración da *Enquisa* é a realizada polo IGE (2005). A *Enquisa de condicións de vida das familias* é unha actividade estatística con periodicidade anual que realiza o IGE desde o ano 1999. Trátase dunha enquisa destinada aos fogares galegos coa finalidade de obter información sobre as súas características socioeconómicas. Na elaboración da *Enquisa* participaron 18.572 persoas, que constitúen o tamaño da mostra, e que representan a unha poboación de 2.701.425 persoas, o total de residentes en Galicia nese ano.

Aínda que para este traballo de investigación partimos da *Enquisa de condicións de vida das familias*, comprobamos que hai diferenzas no que se refire á poboación galega total cos datos publicados no *Padrón Municipal de Habitantes*, no que o total poboacional é de 2.751.094 persoas. A poboación apenas variou nestes últimos anos. O último dato de poboación da Comunidade galega publicado polo INE no *Padrón Municipal de Habitantes* no ano 2011 é de 2.794.516 persoas.

Facendo un estudo sobre os códigos de vivenda, puidemos comprobar que na mostra contamos un total de 6.306 fogares, o que representa na poboación galega a 941.392 fogares.

A mostra da ECV, por ser unha mostra non autoponderada, para calquera estimación que se queira realizar cos datos deberáselles aplicar o factor de elevación de cada rexistro –a variable *frep*–, que permite extrapolar os datos da *Enquisa* para o total da poboación. Deste modo, no caso da estimación do total dunha carac-

terística X esta será a suma do total de rexistros que presenten a mesma (X_i) multiplicados polos seus correspondentes factores de ponderación:

$$\hat{X} = \sum X_i * f_{rep\ i}$$

No ficheiro hai tantas filas como persoas na mostra. A cada persoa correspóndelle un factor de elevación, de tal maneira que todas as persoas dunha vivenda teñen ese mesmo factor de elevación. A suma de todos os factores de elevación é xustamente o total da poboación galega.

Xa que o noso interese reside en persoas que dunha ou doutra forma pertencen ao mercado de traballo ou que, cando menos, pola súa idade poden ter algún tipo de vinculación con el, comezamos por separar o colectivo de entre 16 e 65 anos, que ata este ano foron os anos de inicio e de fin da vida laboral dunha persoa. A mostra inicial e a poboación á que representa recóllense nas táboas 2 e 3.

Táboa 2.- Número de persoas que forman parte da mostra

Mostra de entre 16 e 65 anos (11.900 persoas)	Activos: 7.555 persoas	Ocupados: 6.836 persoas Parados: 719 persoas
	Inactivos: 4.345 persoas	

FONTE: Elaboración propia e IGE (2005).

Táboa 3.- Número de persoas que forman parte da poboación

Poboación de entre 16 e 65 anos (1.814.894 persoas)	Activos: 1.183.240 persoas	Ocupados: 1.063.801 persoas Parados: 119.440 persoas
	Inactivos: 631.654 persoas	

FONTE: Elaboración propia e IGE (2005).

Excluimos neste modelo os analfabetos, porque na mostra non figura ninguén deste grupo como parado e, polo tanto, non teñen representación. É por esta razón pola que as 7.555 persoas quedan en 7.536, das cales están ocupadas 6.817 e paradas 719.

Na nosa análise distinguiremos dúas partes. Na primeira parte exporemos distintos modelos de regresión loxística binaria, o *modelos logit*. Na análise de cada un dos modelos veremos como eliximos o mellor desde un punto de vista estatístico. Na segunda parte, a partir do mellor modelo, formularemos os parámetros resultantes da aplicación *logit*, a táboa de clasificación e o cálculo das distintas probabilidades baixo determinados supostos. O método é, por conseguinte, a regresión loxística binaria, e o programa informático utilizado é o SPSS.

4.2. VARIABLES UTILIZADAS

Reflectiremos as variables extraídas da ECV e outras que creamos a partir dos datos pertencentes á ECV. Trataremos de pescudar cales poden ser os condicionantes que fan que unha persoa estea ocupada ou parada.

A variable dependente é dicotómica, toma código 0 se se refire aos parados e 1 se se refire aos ocupados. Este desagregación fixémosla a partir da variable *relact* (relación coa actividade) obtida da *ECV*.

Considéranse como parados: a) as persoas que teñen emprego pero que non empezaron a traballar; e b) as persoas que están paradas, é dicir, que non teñen emprego. Porén, son ocupados todas aquelas persoas que están nestas outras situacións: a) as persoas que traballan quince ou máis horas; b) as persoas que traballan máis dunha hora e menos de quince horas; e c) as persoas que teñen emprego pero que non traballan.

A fundamentación das definicións das variables independentes consiste en afirmar que a ocupación non é igual en homes que en mulleres e, como consecuencia, o sexo é unha variable cun papel especial nos modelos do mercado de traballo. Ademais do sexo, hai estudos que afirman que existen importantes diferenzas entre homes e mulleres respecto da influencia doutras variables sociodemográficas, corroborando destacadas discrepancias entrambos os dous sexos nas contribucións doutras características persoais como, por exemplo, o estado civil, o nivel educativo ou a idade, diferenzas que poden manifestarse mesmo na satisfacción laboral, que é superior nas mulleres (Sánchez Cañizares, Fuentes García e Artacho Ruiz, 2007).

Nos distintos modelos do mercado de traballo analizados en Sánchez Sellero (2010, 2012) xustificouse a utilización das variables *sexo*, *número de membros*, *idade*, *estudos realizados* e *estado civil*, con base no coñecemento dos cambios producidos na poboación española e que repercuten de distinta maneira no mercado laboral (figura 1).


No modelo utilizaremos como variables independentes seis variables categóricas e dúas variables cuantitativas. O tratamento que lle damos ás variables categóricas é distinto do que se lles dá ás variables cuantitativas ou numéricas.

As variables categóricas son as seguintes: *sexo*, *grupos de idade*, *estado civil*, *estudos realizados*, *nacionalidade* e *tamaño do municipio*. Dada a importancia da interacción entre o sexo e as demais variables explicativas, os modelos iniciais inclúen as seguintes variables categóricas: *sexo*; *grupos de idade*sexo*; *estado civil*sexo*; *estudios realizados*sexo*; *nacionalidade*sexo*; e *tamaño municipio*sexo*. As distintas variables categóricas consideradas teñen as modalidades ou categorías que se recollen na táboa 1 do anexo.

Na variable *estudos realizados*, a clasificación que utilizamos obtivémola mediante agrupacións da Clasificación Nacional de Educación (CNED), que é a que aplica o IGE.

As variables cuantitativas, ao igual que as variables categóricas, tamén teñen en conta a relación entre o seu efecto e o sexo da persoa analizada. Esta interacción reflíctese na construción das variables categóricas duplicando os códigos na mesma variable (en función do sexo), mentres que nas variables cuantitativas se crea unha variable para cada sexo. Así, nos nosos modelos as variables cuantitativas son as seguintes: *número membros*sexo* e *ingreso do fogar corrixidos*sexo*.

Figura 1.- Cambios sociodemográficos e a súa repercusión no mercado de traballo. Xustificación de variables



FONTE: Elaboración propia.

A variable *número de membros* é o número de persoas que integran a unidade familiar, que toma un valor mínimo de 1 e un valor máximo de 8. Para a explicación da variable *ingresos do fogar corrixidos* necesitamos facer alusión ás variables de ingresos que se atopan no ficheiro de datos da ECV. As unidades dos ingresos son euros ao mes. A variable *ingresos totais das persoas* é a suma de ingresos por traballo por conta allea, ingresos por traballo por conta propia, ingresos por prestacións, ingresos de prestacións ou subsidios por desemprego, ingresos de rendas e ingresos por outros ingresos.

Unha das achegas anovadoras deste traballo é a creación desta variable, é dicir, a forma de construíla. Establecemos a seguinte formulación: na decisión dun individuo de participar no mercado de traballo, e en que condicións o vai facer, todos os ingresos do fogar son relevantes, agás os xerados pola relación co mercado de traballo da persoa que esteamos analizando en cada momento. De acordo con este razoamento, definimos os *ingresos do fogar corrixidos*, que é o importe total dos ingresos do fogar descontando os ingresos por traballo ben por conta allea ou ben por conta propia, e de prestacións ou de subsidios por desemprego da persoa considerada. Porén, inclúense todos os ingresos por prestacións, os ingresos de rendas e outros ingresos, con independencia da persoa que os recibía.

Polo tanto, mide os ingresos que recibe o fogar que non dependen do que achega a persoa analizada pola súa relación, sexa cal sexa esta, co mercado de traballo. Deste modo, canto maiores sexan os ingresos do fogar corrixidos, menos necesidade ten o individuo en cuestión de traballar, xa que en principio as necesidades básicas estarían cubertas con outras rendas familiares. Por construción, os ingresos do fogar corrixidos non son iguais para todos os membros do fogar; canto maiores sexan os ingresos que achegue un membro concreto por rendas do traballo ou por subsidios por desemprego, menor será o seu ingreso do fogar corrixido, e maiores os ingresos do fogar corrixidos dos demais membros.

5. MODELO DE OCUPACIÓN

Nesta sección estimaremos os parámetros, clasificaremos os ocupados e os parados segundo o modelo estimado e, posteriormente, calcularemos as probabilidades.

5.1. ESPECIFICACIÓN ECONÓMÉRICA

Utilizouse a metodoloxía de regresión loxística binaria porque é adecuada cando a variable dependente é dicotómica (ocupado/parado) e porque nos interesa o cálculo das probabilidades establecendo determinadas condicións.

No modelo de ocupación formulamos a seguinte hipótese: o modelo no que todas as variables interactúan co sexo (modelo xeral) é o que proporciona mellores resultados. Co fin de comprobar se a nosa idea inicial é ou non certa, e para a elección do mellor modelo, estímense distintas versións, seguíndose en cada unha delas os seguintes pasos: 1) escóllese unha das variables independentes sen interactuar co sexo, mantendo as demais variables desagregadas; 2) estímase este modelo (modelo restrinxido); 3) repetimos este proceso tantas veces como variables teñamos; e 4) comparamos estes hipotéticos modelos co modelo en que todas as variables interactúan co sexo (modelo xeral).

A elección do modelo máis adecuado realízase mediante o contraste de razón de verosimilitude:

$$-2 \ln L_r - (-2 \ln L_g) \rightarrow \chi_{n-m}^2$$

onde L denota o valor da verosimilitude, r se refire ao modelo restrinxido, g se refire ao modelo xeral, n é o número de parámetros do modelo xeral, m é o número de parámetros do modelo restrinxido, e χ_{n-m}^2 é a distribución chi-cadrado con $n-m$ graos de liberdade.

Estimáronse distintas versións: o modelo xeral e varios modelos restrinxidos. No modelo xeral, o sexo interactúa con todas as demais variables explicativas. En cada especificación restrinxida, fórzase a que o efecto dunha variable explicativa

sexa o mesmo para homes e mulleres, en tanto que se mantén a interacción nas demais. Dado que hai sete variables explicativas, ademais do sexo, isto fai un total de sete modelos restrinxidos.

Na táboa 5 recollemos os resultados obtidos nestas estimacións. Engadimos na última fila os resultados correspondentes ao modelo xeral, que imos necesitar para facer a comparativa cos outros modelos.

Táboa 5.- Principais resultados nos modelos restrinxidos e no modelo xeral. Contraste da validez das restricións que os definen

Variable restrinxida	$R^2_{Nagelkerke}$	Nº total de parámetros estimados (coa constante)	% correctamente clasificados	Nº de restricións con respecto ao modelo xeral	Valor do estatístico $-2 \ln L_r - (-2 \ln L_g)$	p-valor
Grupos de idade	0,107	47	89,9	9	4.816,564	< 0,01
Estado civil	0,106	52	89,9	4	5.046,717	< 0,01
Nacionalidade	0,114	55	89,9	1	247,935	< 0,01
Estudos realizados	0,113	47	89,9	9	1.248,593	< 0,01
Nº de membros	0,114	55	89,9	1	223,085	< 0,01
Tamaño municipio	0,115	54	89,9	2	39,267	< 0,01
Ingr. do fogar corrix.	0,114	55	89,9	1	177,18	< 0,01
MODELO XERAL	0,115	56	89,9			

FONTE: Elaboración propia.

En todos os casos rexeitamos a hipótese nula, o que significa que o mellor modelo é o xeral, e é o que imos considerar no estudo *logit* posterior.

Aínda que estamos desenvolvendo o modelo de ocupación, en Sánchez Sellero (2010) trátanse distintos modelos no mercado laboral. Teñen unha característica común, e é que comprobamos estatisticamente que o modelo en que todas as variables interactúan co sexo é o mellor se se compara cos chamados modelos restrinxidos en todos os casos analizados. Na táboa 2 do anexo expomos os resultados da estimación *logit* do modelo de ocupación que consideramos mellor polas razóns anteriores.

Con respecto aos coeficientes, comprobamos que a maioría son significativos ao 5%, pero hai que facer algunhas excepcións. Os coeficientes non significativos son os relativos ás seguintes categorías: homes que teñen entre 31 e 35 anos, homes casados, mulleres solteiras, homes sen e con graduado escolar, e mulleres sen graduado escolar.

Unha vez estimado o modelo, a clasificación de ocupados e parados recóllese na táboa 6.

Comparar o número de casos observados cos prognosticados polo modelo estimado permítenos avaliar a idoneidade do modelo. Na análise deste modelo, a capacidade predictiva, medida pola porcentaxe de acertos, é do 89,9% (valor de corte 0,5).

A “sensibilidade do modelo” –proporción de ocupados clasificados correctamente– é moi alta: un 99,97%. Porén, a súa “especificidade” –proporción de parados clasificados correctamente– é moi pequena: un 0,4%. A razón pola que os pa-

rados non están ben clasificados pode deberse a que nese ano a porcentaxe de paro era baixa, o que fai máis difícil a clasificación.

Táboa 6.- Clasificación dos individuos segundo o modelo estimado de ocupación

Poboación activa: persoas activas		Prognosticado		Porcentaxe correcto
		Parados	Ocupados	
Observado	Parados	464	118.976	0,4
	Ocupados	244	1.060.839	99,9
Porcentaxe global				89,9
NOTA: O valor de corte é 0,500.				

FONTE: Elaboración propia.

5.2. RESULTADOS

Unha vez coñecidos os coeficientes resultantes da estimación *logit*, o noso seguinte obxectivo é determinar a probabilidade de ocupación tanto en homes como en mulleres partindo das persoas de entre 16 e 65 anos. Por iso, exporemos en termos xerais como calcular estas probabilidade na liña doutras publicacións que utilizan a mesma metodoloxía (con pequenas diferenzas que se refiren, por exemplo, ao cálculo das probabilidade no caso das variables cuantitativas).

Clasificaremos a poboación en tres colectivos de interese: persoas de entre 21 e 35 anos (novos), de entre 36 e 50 anos (mediana idade), e de entre 51 e 65 anos (maiores). Dentro de cada un destes grupos faremos tres subgrupos que dividen as idades en intervalos de amplitude fixa, concretamente cada cinco anos.

Se queremos analizar a *influencia de cada unha das variables categóricas*, consideraremos fixas dúas desas variables: a *nacionalidade* e o *tamaño do municipio*. Partiremos de españois que pertencen a municipios de máis de 20.000 habitantes (municipios grandes). A nacionalidade e o tamaño do municipio tomámoas fixas; porén, o *sexo*, o *estado civil*, os *estudos realizados* e a *idade* son variables.

Para calcular as distintas probabilidade de estar ocupado imos substituír o valor dos coeficientes obtidos na táboa 2 na formulación do modelo *logit* seguinte:

$$p = \frac{1}{1 + e^{-(\beta_0 + \beta_1 X_1 + \dots + \beta_k X_k)}}$$

coa excepción de que nas variables cuantitativas cada coeficiente o imos multiplicar pola media correspondente, é dicir:

- Parámetro: *Ingresos corrixidos home/muller*renda media ingresos corrixidos home/muller.*
- Parámetro: *Número membros home/muller*número medio membros home/muller.*

Esta fórmula é básica para o estudo económico. Nesta ocasión, das 7.536 persoas que forman a mostra hai 4.368 homes e 3.168 mulleres. Os valores medios para as distintas variables son: 1,72, 1,22, 658,73 e 640,74 (táboa 7).

Táboa 7.- Media e desviación típica das variables cuantitativas no modelo de ocupación

	Mínimo	Máximo	Media	Desviación típica
Número de membros homes	1	8	1,72	1,731
Número de membros mulleres	1	8	1,22	1,627
Ingresos corrixidos homes	0	15911,49	658,7387	987,4496
Ingresos corrixidos mulleres	0	24040,48	640,7420	1.107,6490

FONTE: Elaboración propia.

Pero se queremos analizar a *influencia de cada unha das variables cuantitativas*, as variables categóricas temos que facelas fixas (supoñemos que partimos de españois que pertencen a municipios grandes, casados, que teñen entre os 41 e os 45 anos e cuxo nivel de estudos é bacharelato ou similar). Eliximos estas categorías e non outras porque nos parece que estas aglutinan unha gran cantidade de persoas e que, polo tanto, son bastante representativas.

Se estamos analizando a influencia do número de membros sobre a probabilidade de estar ocupado procederemos do seguinte modo:

- Parámetro: *Ingresos corrixidos home/muller*renda media ingresos corrixidos home/muller.*
- Parámetro: *Número membros home/muller*valor do número de membros* (variable).

E se, pola contra, estamos analizando a influencia dos ingresos corrixidos sobre a probabilidade de estar ocupado, resolvemos así:


- Parámetro: *Ingresos corrixidos home/muller*valor de ingresos corrixidos home/muller* (variable).
- Parámetro: *Número membros home/muller*número medio membros home/muller.*

Seguidamente, expomos os principais resultados obtidos do cálculo das distintas probabilidades de ocupación, acompañándoos dalgunhas representacións gráficas que avalan estas conclusións (todas as representacións se refiren á dicotomía home-muller). O nivel de estudos non desenvolve o mesmo papel que no modelo de actividade ou, cando menos, non é tan evidente. Polo que respecta ao nivel de estudos, nos homes hai dous puntos de máxima probabilidade que corresponden ás persoas con estudos primarios incompletos e especialización profesional. Con todo, as mulleres con maior probabilidade de ocupación teñen estudos sen graduado escolar, primeiro ciclo de universidade e segundo ciclo de universidade e doutoramento (gráfica 1).

Ante un intervalo de idade maior, a ocupación incrementábase máis nas mulleres. Ao aumentar a idade, as diferenzas na ocupación entre homes e mulleres van reducíndose. Nas mulleres, o crecemento da ocupación coa idade pode deberse a que en adultas e maiores as activas son as que traballan, e as que non traballan figuran como inactivas. Nos homes, a ocupación decae lixeiramente entre os 40 e os 60 anos. A influencia da idade sobre a probabilidade de ocupación represéntase na gráfica 2.

Ao aumentar o número de membros da familia, a probabilidade de ocupación nos homes tamén se incrementa, mentres que nas mulleres a probabilidade diminúe (gráfica 3).


Gráfica 1.- Influencia do nivel de estudos sobre a probabilidade de estar ocupado: españois, municipios grandes, casados, 36-40 anos



NOTAS: PI: Primarios incompletos; PC: Primarios completos; ESGE: Estudos sen graduado escolar; ECGE: Estudos con graduado escolar; BS: Bacharelato e similar; GMFP: Grao medio, formación profesional; GSFP: Grao superior, formación profesional; PCU: Primeiro ciclo universidade; EP: Especialización profesional; SCUD: Segundo ciclo universidade e doutoramento.


FONTE: Elaboración propia.

Gráfica 2.- Influencia da idade sobre a probabilidade de estar ocupado: españois, municipios grandes, casados, estudos bacharelato e similar



FONTE: Elaboración propia.

Gráfica 3.- Influencia do número de membros sobre a probabilidade de estar ocupado: españois, municipios grandes, casados, 41-45 anos, bacharelato e similar



FONTE: Elaboración propia.

A continuación analizamos con máis detalle a influencia de cada unha das variables cuantitativas nas distintas probabilidades. Comezamos co número de membros. Na táboa 8 reflectimos as variacións producidas na probabilidade de ocupación para un incremento unitario no número de membros, tanto se estudamos aos homes como ás mulleres.

Táboa 8.- Variacións na probabilidade de ocupación para un incremento unitario no número de membros

Número de membros	Variación da probabilidade de ocupación (%) Homes	Variación da probabilidade de ocupación (%) Mulleres
Un		
Dous	0,20	-0,38
Tres	0,19	-0,39
Catro	0,18	-0,40
Cinco	0,17	-0,41
Seis	0,16	-0,42
Sete	0,15	-0,43
Oito	0,14	-0,44


FONTE: Elaboración propia.

Se a unidade familiar pasa de ter un a dous membros, a probabilidade de que un home estea ocupado increméntase un 0,20%, mentres que baixo esta mesma premisa a probabilidade de que unha muller estea ocupada diminúe un 0,38%. Vemos que estas variacións son moi pequenas, pero en calquera caso son de signo positivo no caso dos homes e de signo negativo cando se trata de mulleres.

Se os ingresos do fogar corrixidos aumentan, a probabilidade de ocupación nos homes tamén o fai, mentres que nas mulleres diminúe, aínda que estas variacións

son de escasa contía (gráfica 4). Aínda que a variable *ingresos do fogar corrixidos* ten un valor mínimo de 0 e un máximo de 24.040, á hora do seu tratamento só representamos o intervalo [0, 4800], xa que desta maneira englobamos o 99% dos ingresos.

Gráfica 4.- Influencia dos ingresos do fogar corrixidos sobre a probabilidade de estar ocupado: españois, municipios grandes, casados, 41-45 anos, bacharelato e similar



FONTE: Elaboración propia.

Continuamos co estudo detallado da influencia dos ingresos do fogar corrixidos nas distintas probabilidades. Na táboa 9 reflectimos as variacións na probabilidade de ocupación para un incremento de 600 euros nos ingresos.

Táboa 9.- Variacións na probabilidade de ocupación para un incremento de 600 euros nos ingresos do fogar corrixidos

Ingresos do fogar corrixidos	Variación da probabilidade de ocupación (%) Homes	Variación da probabilidade de ocupación (%) Mulleres
0		
600	0,09	-0,27
1.200	0,09	-0,27
1.800	0,09	-0,28
2.400	0,09	-0,28
3.000	0,08	-0,29
3.600	0,08	-0,29
4.200	0,08	-0,30
4.800	0,08	-0,30

FONTE: Elaboración propia.

As variacións na probabilidade de ocupación, aínda que positivas, son de contía inferior ao 0,1% no caso dos homes, mentres que nas mulleres son negativas e se sitúan en torno a un 0,3%. Son variacións, en calquera caso, extremadamente pequenas.

6. CONCLUSIÓNS

Coñecer o fenómeno da segregación ocupacional é importante desde o punto de vista político, xa que as comunidades autónomas asumen competencias no deseño de políticas de emprego e de conciliación da vida familiar e laboral. En palabras do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia na súa publicación *As mulleres galegas non século XX*, do ano 1999, é fundamental concienciar a sociedade, implicando a homes e mulleres na participación compartida e igualitaria das responsabilidades familiares e laborais. O sistema educativo é un dos instrumentos básicos para corrixir as desigualdades sociais, entre elas as que se xeran por razón do xénero.

A muller está desempeñando un papel fundamental na sociedade actual. A muller traballou case sempre fóra de casa: no campo, nas fábricas ou nos servizos. O diferente é que na actualidade o fai de forma masiva, en mellores condicións, en termos de formación máis preparada e en mellores postos.

Cómpre sinalar tres feitos: 1) que as desigualdades en xénero van reducíndose co paso do tempo; 2) que a poboación con estudos universitarios atopa máis facilidades no mercado de traballo que a poboación sen eses estudos; e 3) que a maior nivel de estudos as diferenzas laborais entre homes e mulleres se van facendo menores.

Unha vez revisadas as distintas teorías que relacionan mercado de traballo, xénero e ocupación en Galicia e en España, o obxectivo da nosa investigación céntrase no cálculo das distintas probabilidades de ocupación na dualidade home-muller, establecendo para iso distintas premisas.

Na análise empírica vimos que o noso modelo de ocupación é o mellor se o comparamos con outros hipotéticos modelos (chamados modelos restrinxidos) nos que as variables explicativas aparecen sen interactuar co sexo. Este feito xustifica a forma de construír todas as variables explicativas e, en último termo, a importancia que lle demos inicialmente á influencia do xénero no mercado de traballo. A definición, cálculo e xustificación da variable ingresos do fogar corrixidos é unha das achegas anovadoras deste traballo.

Nas representacións gráficas das probabilidades de ocupación, calculadas utilizando a regresión loxística binaria, observamos diferente comportamento en función do xénero da persoa analizada. Ante un intervalo de idade maior, a ocupación incrementase máis nas mulleres. Ao aumentar a idade, as diferenzas na ocupación entre homes e mulleres van reducíndose. Se aumenta o número de membros da familia, a probabilidade de estar ocupado incrementase nos homes, mentres que nas mulleres diminúe. Sucede o mesmo se en lugar da variable número de membros se trata da variable ingresos do fogar corrixidos.

Os resultados obtidos da análise empírica considerámoslos válidos nun momento económico estable, pero na situación actual somos escépticos da súa validez.

Ao igual que Gradín, Arévalo e Otero (2003), cremos que resultan necesarias políticas que incrementen as oportunidades das mulleres no mercado laboral, pa-

ra que Galicia non se mova en contra da contorna internacional e non se retroceda na posición das mulleres no proceso de modernización da estrutura produtiva. Estas políticas deberían ter como finalidade a integración das mulleres nas ocupacións relacionadas cun maior incremento do emprego.

Por todo iso, o mercado de traballo presenta un interesante campo de estudo do que se poden extraer conclusións de gran relevancia e de importante actualidade.

ANEXO

Táboa 1.- Variables categóricas e as súas correspondentes modalidades

Atributos	Modalidades
Sexo	Home
	Muller
Estado civil	Solteiro
	Casado
	Separado
	Divorciado
	Viúvo
Grupos de idade (de 5 en 5 anos)	De 16 a 20 anos
	De 21 a 25 anos
	De 26 a 30 anos
	De 31 a 35 anos
	De 36 a 40 anos
	De 41 a 45 anos
	De 46 a 50 anos
	De 51 a 55 anos
	De 56 a 60 anos
De 61 a 65 anos	
Estudos realizados	Analfabetos
	Estudios primarios incompletos
	Estudios primarios completos
	Estudios sen graduado escolar
	Estudios con graduado escolar
	Bacharelato e similar
	Grao medio formación profesional
	Grao superior formación profesional
	Primeiro ciclo universidade
	Especialización profesional
Segundo ciclo universidade e doutoramento	
Nacionalidade	Española e dobre nacionalidade
	Estranxeira
Tamaño do municipio	Menos de 10.000 habitantes
	Entre 10.000 e 20.000 habitantes
	Máis de 20.000 habitantes

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 2.- Resultados da estimación *logit* do modelo de ocupación

Variable dependente: OCUPADOS

Método: *Logit* binario estimado por máxima verosimilitude

Mostra: 7536 observacións

Converxencia alcanzada tras 7 iteracións

Variables	B	E.T.	Wald	Sig.	Exp(B)
<i>Sexo</i>					
Home	-2,394	0,118	412,874	0,000	0,091
<i>Grupos de idade*sexo</i>					
Homes de 16 a 20 anos	-0,846	0,042	397,942	0,000	0,429
Homes de 21 a 25 anos	-0,398	0,041	93,844	0,000	0,671
Homes de 26 a 30 anos	-0,429	0,040	113,208	0,000	0,651
Homes de 31 a 35 anos	-0,004	0,040	0,012	0,913	0,996
Homes de 36 a 40 anos	0,164	0,041	16,088	0,000	1,178
Homes de 41 a 45 anos	0,197	0,041	22,556	0,000	1,217
Homes de 46 a 50 anos	-0,217	0,041	28,394	0,000	0,805
Homes de 51 a 55 anos	-0,343	0,040	72,135	0,000	0,709
Homes de 56 a 60 anos	-0,422	0,041	104,921	0,000	0,656
Mulleres de 16 a 20 anos	-3,701	0,075	2.436,887	0,000	0,025
Mulleres de 21 a 25 anos	-3,173	0,073	1.882,248	0,000	0,042
Mulleres de 26 a 30 anos	-2,903	0,073	1.591,913	0,000	0,055
Mulleres de 31 a 35 anos	-2,439	0,073	1.122,924	0,000	0,087
Mulleres de 36 a 40 anos	-2,445	0,073	1.129,877	0,000	0,087
Mulleres de 41 a 45 anos	-1,959	0,073	719,096	0,000	0,141
Mulleres de 46 a 50 anos	-1,596	0,074	469,187	0,000	0,203
Mulleres de 51 a 55 anos	-1,614	0,074	479,864	0,000	0,199
Mulleres de 56 a 60 anos	-1,760	0,074	559,445	0,000	0,172
<i>Estado civil*sexo</i>					
Homes solteiros	-1,060	0,065	264,275	0,000	0,346
Homes casados	0,068	0,064	1,100	0,294	1,070
Homes separados	-0,397	0,074	28,559	0,000	0,672
Homes divorciados	1,086	0,125	74,878	0,000	2,961
Mulleres solteiras	-0,025	0,038	0,453	0,501	0,975
Mulleres casadas	-0,115	0,036	10,103	0,001	0,891
Mulleres separadas	-0,458	0,041	124,502	0,000	0,633
Mulleres divorciadas	-0,614	0,048	162,727	0,000	0,541
<i>Nacionalidade*sexo</i>					
Home español e de dobre nacionalidade	1,067	0,028	1.408,414	0,000	2,908
Muller española e de dobre nacionalidade	0,416	0,030	193,322	0,000	1,516
<i>Estudos realizados*sexo</i>					
Homes con estudos primarios incompletos	1,070	0,071	226,631	0,000	2,914
Homes con estudos primarios completos	-0,252	0,043	34,043	0,000	0,777
Homes sen graduado escolar	-0,022	0,024	0,803	0,370	0,979
Homes con graduado escolar	0,022	0,021	1,175	0,278	1,023
Homes con bacharelato e similar	0,063	0,023	7,418	0,006	1,065
Homes con grao medio formación profesional	0,094	0,028	11,123	0,001	1,099
Homes con grao superior formación profesional	0,133	0,024	31,490	0,000	1,142
Homes con primeiro ciclo universidade	0,322	0,030	112,552	0,000	1,380
Homes con especialización profesional	0,649	0,054	142,422	0,000	1,914

Táboa 2 (continuación).- Resultados da estimación *logit* do modelo de ocupación

Variable dependente: OCUPADOS

Método: *Logit* binario estimado por máxima verosimilitude

Mostra: 7536 observacións

Converxencia alcanzada tras 7 iteracións

Variables	B	E.T.	Wald	Sig.	Exp(B)
<i>Estudos realizados*sexo</i>					
Mulleres con estudos primarios incompletos	-0,321	0,051	39,017	0,000	0,726
Mulleres con estudos primarios completos	-0,345	0,044	60,490	0,000	0,708
Mulleres sen graduado escolar	-0,031	0,024	1,619	0,203	0,970
Mulleres con graduado escolar	-0,251	0,017	217,517	0,000	0,778
Mulleres con bacharelato e similar	-0,492	0,018	768,935	0,000	0,611
Mulleres con grao medio formación profesional	-0,589	0,020	863,596	0,000	0,555
Mulleres con grao superior formación profesional	-0,213	0,018	133,516	0,000	0,808
Mulleres con primeiro ciclo universidade	0,098	0,020	23,432	0,000	1,103
Mulleres con especialización profesional	-0,469	0,026	333,677	0,000	0,626
<i>Tamaño municipio*sexo</i>					
Homes municipios de menos de 10.000 habitantes	0,286	0,011	708,103	0,000	1,331
Homes municipios entre 10.000 e 20.000 habitantes	0,047	0,016	8,643	0,003	1,048
Mulleres municipios de menos de 10.000 habitantes	0,332	0,009	1.247,023	0,000	1,394
Mulleres municipios entre 10.000 e 20.000 habit.	-0,032	0,014	5,572	0,018	0,968
<i>Número de membros*sexo</i>					
Nº membros home	0,061	0,005	148,815	0,000	1,063
Nº membros muller	-0,035	0,004	74,949	0,000	0,965
<i>Ingresos do fogar corrixidos*sexo</i>					
Ingresos home	0,003	0,000	60,822	0,000	1,003
Ingresos muller	-0,003	0,000	163,869	0,000	0,997
Constante	4,208	0,086	2.392,416	0,000	67,231
Observacións con variable dependente = 0	719				
Observacións con variable dependente = 1	6817				
Total de observacións	7536				
Chi-cadrado	66.899,032		$p = 0,000$		
-2 log da verosimilitude	706.715,441				
R ² de Nagelkerke	0,115				
R ² de MacFadden	0,086				
Predicións correctas	89,9%				
NOTA: A categoría de referencia é muller, de 61-65 anos, viúva, estranxeira, con segundo ciclo de universidade e doutoramento, e que pertence a un municipio de máis de 20.000 habitantes.					

FONTE: Elaboración propia.

BIBLIOGRAFÍA

- AGRESTI, A. (1996): *An Introduction to Categorical Data Analysis*. New York, NY: Wiley.
- ALBERT, C.; JUÁREZ, J.P.; SÁNCHEZ, R.; TOHARIA, L. (2003): "Del sistema educativo al mercado de traballo: Un análisis de flujos", *Revista de Educación*, 330 (enero-abril), pp. 137-155.
- AMEMIYA, T. (1981): "Qualitative Response Model: A Survey", *Journal of Economic Literature*, XIX (October), pp. 1483-1536.

- ARES FERNÁNDEZ, J.J.; REY SUÁREZ, P.M. (2008): "O mercado de traballo galego desde a entrada en Europa", *Revista Galega de Economía*, 17, núm. extraord., pp. 263-282.
- BARREIRO GARCÍA, J.S.; MARTÍNEZ SEIJAS, M.P. (2006): *Mercado de trabajo e inserción social feminina*. (Septiembre de 2011). <<http://www.monografias.com/trabajos34/mercado-trabajo/mercado-trabajo.shtml>>.
- BECKER, G. (1962): "Investment in Human Capital: A Theoretical Analysis", *The Journal of Political Economy*, 70 (5), pp. 9-49.
- BECKER, G. (1971): *The Economics of Discrimination*. Chicago, IL: Chicago University Press.
- BECKER, G. (1985): "Human Capital, Effort and the Sexual Division of Labour", *Journal of Labor Economics*, 3 (1), pp. S33-S58.
- BULOW, J.; SUMMERS, L.H. (1986): "A Theory of Dual Labor Markets with Application to Industrial Policy, Discrimination and Keynesian Unemployment", *Journal of Labor Economics*, 4 (3), pp. 376-414.
- BUTTNER, E.H.; MOORE, D.P. (1997): "Womens Organizational Exodus to Entrepreneurship: Self-Reported Motivations and Correlates with Success", *Journal of Small Business Management*, 35 (1), pp. 34-46.
- CÁCERES RUIZ, J.I.; ESCOT MANGAS, L.; FERNÁNDEZ CORNEJO, J.A.; SÁIZ BRIONES, J. (2004): *La segregación ocupacional y sectorial de la mujer en el mercado de trabajo español*. (Documento de Trabajo). Madrid: Universidad Complutense de Madrid, Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales.
- COX, D.R.; SNELL, E.J. (1989): *The Analysis of Binary Data*. London: Chapman & Hall.
- DEL RÍO OTERO, C. (2003): "¿Existe discriminación de xénero no mercado de traballo?", en X.H. Vázquez Vicente [ed.]: *Economía e sociedade*, pp. 307-332. Vigo: Xerais.
- FRUTOS BALIBREA, L.; TITOS GIL, S. (2001): "Formación y trabajo autónomo desde la perspectiva de género", *X Jornadas de la Asociación de Economía de la Educación*, pp. 309-320. Murcia: Asociación de Economía de la Educación.
- FUNDACIÓN MUJERES Y TECNOLOGÍA (2007): *Jornadas de Emprendizaje. El autoempleo como alternativa de inserción laboral*. Málaga: Fundación Mujeres y Tecnología. <<http://www.eniac.org.es/>>.
- GATEWOOD, E.J.; SHAVER, K.G.; GARTNER, W.B. (1995): "A Longitudinal Study of Cognitive Factors Influencing Start-Up Behaviours and Success at Venture Creation", *Journal of Business Venturing*, 10 (5), pp. 371-391.
- GOLDIN, C. (1986): "Monitoring Costs and Occupational Segregation by Sex: An Historical Analysis", *Journal of Labor Economics*, 4 (1), pp. 1-27.
- GRADÍN, C.; ARÉVALO, R.; OTERO, M. (2003): *Elementos explicativos de la desigualdad en Galicia. Género, mercado de trabalo y vivienda*. (Monografía 18). A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza (IEEG PBM).
- GUZMÁN CUEVAS, J.; RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ, M.J. (2008): "Comportamiento de las mujeres empresarias: una visión global", *Revista de Economía Mundial*, 18, pp. 381-392.
- HARTMANN, H. (1994): "Capitalismo, patriarcado y segregación de los empleos por sexos", en C. Borderías, C. Carrasco e C. Alemany [comp.]: *Las mujeres y el trabalo: rupturas conceptuales*, pp. 253-294. Barcelona: Icaria.
- HOSMER, D.W.; LEMESHOW, S. (1989): *Applied Logistic Regression*. New York, NY: Wiley.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2005): *Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2003. Metodoloxía*. (Mimeo). Santiago de Compostela: IGE.
- INSTITUTO VALENCIANO DE INVESTIGACIONES ECONÓMICAS; BANCAJA (2008a): "Capital humano y ciclo vital en España", *Cuadernos de Capital Humano*, 90 (junio). Valencia: IVIE/Bancaja.

- INSTITUTO VALENCIANO DE INVESTIGACIONES ECONÓMICAS; BANCAJA (2008b): "Diferencias salariales ligadas al nivel educativo", *Cuadernos de Capital Humano*, 92 (agosto). IVIE/Bancaja.
- LAMAS, M. [comp.] (2000): *El género. La construcción cultural de la diferencia sexual*. (Programa Universitario de Estudios de Género-PUEG). México DF: Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM).
- LARRAÑAGA SARRIEGUI, M. (2000): *Análisis teóricos de la desigualdad, Area temática 3: Economía feminista*. (Marzo de 2012). <<http://www.ucm.es/info/ec/jec7/pdf/com3-6.pdf>>.
- MARTIN, J.; ROBERTS, C. (1984): *Women and Work: A Lifetime Perspective*. London: HSMO.
- MÉNDEZ LÓPEZ, J.L. (2000): "Características estruturais do mercado de traballo de Galicia", *Revista Galega de Emprego*, 0 (número dedicado ao emprego 2000), pp. 53-73.
- MURGATROYD, L. (1982): "Gender and Occupational Stratification", *The Sociological Review*, 30 (4), pp. 574-602.
- OGUIZA, A.; GALLASTEGUI, I.; NÚÑEZ, V. (2004): "La población ocupada en la CAPV (1993-1999). Género y formación como características relevantes", *Estadística Española*, 46 (156), pp. 229-292.
- RIOBÓO LESTÓN, I.; MARTÍN LÓPEZ, C. (2011): "Xénero e mercado de traballo en Galicia. Análise de equidade mediante indicadores sintéticos", *Revista Galega de Economía*, 20, núm. extraord. pp. 213-226.
- ROSENER, J.B. (1990): "Ways Women Lead", *Harvard Business Review*, (November-December) pp. 119-125.
- SÁEZ LARA, C. (1994): *Mujeres y mercado de trabajo. Las discriminaciones directas e indirectas*. Madrid: Consejo Económico y Social.
- SÁNCHEZ CAÑIZARES, S.M.; FUENTES GARCÍA, F.J.; ARTACHO RUIZ, C. (2007): "La perspectiva de género en el análisis de la satisfacción laboral: una aplicación empírica mediante modelos logit y probit", *Cuadernos de Gestión*, 7 (2), pp. 55-67.
- SÁNCHEZ MORENO, E.; DELICADO LOSA, C. (2007): *Mujeres, juventud y mercado de trabajo en España*. Madrid: Consejo de la Juventud de España.
- SÁNCHEZ SELLERO, M.C. (2010): *Factores determinantes para la inserción y distintas formas de participación en el mercado laboral gallego*. (Tese de doutoramento). A Coruña: Universidade da Coruña.
- SÁNCHEZ SELLERO, M.C.; SÁNCHEZ SELLERO, P. (2012): "Cambios sociodemográficos: influencia en el mercado laboral español", *XXII Jornadas Luso-Españolas de Gestión Científica*. Vila Real: Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro.
- SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE (1999): *As mulleres galegas no século XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Servizo Galego de Igualdade.